

3. ESTRUCTURAS EN REDE

A nivel galego, existen varias estruturas que traballan en rede para dar apoio aos investigadores do noso sistema de saúde, como son os biobancos ou a Rede Galega de Comités de Ética da Investigación.

A nivel estatal, creáronse os **Centros de Investigación Biomédica en Rede (CIBER)** como estruturas estables de investigación cooperativa. Están formados por consorcios con personalidade xurídica propia, cuxo obxectivo é impulsar a investigación de excelencia en Biomedicina e Ciencias da Saúde que se realiza no Sistema Nacional de Saúde e no Sistema de Ciencia e Tecnoloxía. Para iso, concéntranse esforzos e recursos interdisciplinares e multiinstitucionais de investigación, cunha dedicación preferente de recursos financeiros ao redor de redes de coñecemento conformadas por centros e grupos de investigación dependentes de distintas administracións e institucións públicas e privadas.

Na actualidade o CIBER está formado por 13 áreas temáticas:

- Área temática de Saúde Mental (CIBERSAM).
- Área temática de Fisiopatoloxía da Obesidade e Nutrición (CIBEROBN).
- Área temática de Diabetes e Enfermidades Metabólicas Asociadas (CIBERDEM).
- Área temática de Bioenxenería, Biomateriais e Nanomedicina (CIBER-BBN).
- Área temática de Epidemioloxía e Saúde Pública (CIBERESP).
- Área temática de Enfermidades Hepáticas e Dixestivas (CIBEREHD).
- Área temática de Enfermidades Raras (CIBERER).
- Área temática de Enfermidades Respiratorias (CIBERES).
- Área temática de Fraxilidade e Envellecemento Saudable (CIBERFES).
- Área temática de Enfermidades Cardiovasculares (CIBERCV).
- Área temática de Cancro (CIBERONC).
- Área temática de Enfermidades Neurodexenerativas (CIBERNED).
- Área temática de Enfermidades Infecciosas (CIBERINFE).

Estes consorcios, que incorporan a grupos de investigación de toda España, **contan coa participación de varios grupos do Sergas**. A través da concentración de esforzos e recursos, os seus investigadores traballan en rede explotando as sinerxías baixo un marco organizativo común, co obxectivo de acadar as metas establecidas polos organismos estatais con competencias en investigación.